

PROPOSTA DE ACTUACIÓN NO C.E.I.P “Emilia Pardo Bazán”

O Club Deportivo Los Rosales é o encargado de levar a cabo o desenvolvemento das actividades deportivas da ANPA “Milnen@s” e que non son outras co baloncesto e o fútbol sala.

Co gallo de conseguir máis participación nas mesmas, propoñemos realizar unhas xornadas de fomento da súa práctica que se levarían a cabo no propio Centro Educativo e en horario escolar, polo que presentamos esta proposta de actuación e, o mesmo tempo solicitamos autorización para desenvolve-la.

PROGRAMA:

A actividade consistiría na realización de diversos exercicios-xogos relacionados coa práctica do baloncesto e do fútbol sala utilizando os medios que se usan habitualmente; balóns, canastras, porterías, e algún elemento máis como poidan ser escadas, aros, conos..., e unhas mínimas indicacións sobre os beneficios que para a saúde, a formación e as relacións persoais, ten a práctica dun deporte e sobre todo un deporte de equipo.

Estaría destinada a todas/os as/os alumnas/os de educación primaria e no caso do fútbol sala ampliaríase a sexto de infantil. Esta diferenza débese a que nesa modalidade empezan a competir a esa idade. Aínda así poderíase facer tamén para baloncesto.

A idea é facer sesións compartidas nas horas da materia de educación física de cada curso e grupo. Dividiríamos o tempo a medias para cada modalidade; se cada clase é de 50 min dedicaríamos 20 min a cada unha das modalidades.

Primaria;

Se a nosa información é correcta serían un total de 21 sesións compartidas; seis cursos de primaria por tres grupos por curso que serían 18, o que suporía que nunha semana poderían estar feitas todas as sesións podendo facerse en máis dunha semana. A distribución quedaría supeditada ó calendario que a Dirección nos propuxese, para alterar minimamente a programación habitual do Centro, convivencias fin de curso, festivos (17 de maio), actividades fora do centro...

Infantil;

Nesta etapa non podemos propoñer fórmula concreta dado que non hai sesións de educación física. Pola nosa parte a idea básica é a mesma; actividades de 20 min por modalidade a celebrar na mesma franxa horaria.

DATAS:

As datas que nós propoñemos están na franxa do 9 ó 27 de maio de 2016.

APORTACIÓNS DO CLUB:

O Club poría o persoal axeitado e debidamente cualificado para poder impartir a actividade, serían un ou dous técnicos por sesión e modalidade.

Todo o persoal que ten licencia co Club está en posesión da “certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais” preceptiva para todos/as aqueles/as que traballen en contacto con menores.

Programa xeral da actividade con plano de adestramento axeitado a cada idade.

PROPOSTA DE ACTUACIÓN NO C.E.I.P "Emilia Pardo Bazán"

Todo o material necesario para o seu desenvolvemento.

APORTACIÓNS DO CENTRO EDUCATIVO:

Permiso para realizar a actividade dentro do horario escolar.

Se o estima oportuno, supervisión da actividade pola persoa ou persoas que designe.

EXEMPLO DE PROGRAMA DE SESIÓN PARA 6º DE PRIMARIA:

00:00 Presentación as/os alumnas/os do persoal que vai dar a actividade e pequena charla sobre as virtudes do exercicio físico e a práctica deportiva en xeral e de equipo en particular.

00:05 Quentamento básico común.

00:10 a 00:30 baloncesto ou fútbol sala.

00:30 a 00:50 fútbol sala ou baloncesto.

Despedida.

Agardando que a nosa proposta sexa do seu agrado e nos conceda a autorización precisa para levala a cabo

Saúdanlle

*José Arturo Ameneiro Cerviño e José Francisco Vicente Saborido
Coordinadores de baloncesto e fútbol sala do Club Deportivo Los Rosales.
Na Coruña, 13 de abril de 2016*

